

E dunha forma etérea e indescribible Matías viaxou a través deses ollos azuis a paisaxes marítimos inexplorados e a barreiras de coral inexpugnables. Viu un mundo impresionante que non quería saír á luz detrás deses ollos cristalinos que contaban mil historias. Pero non foi Matías o único que descubriu algo novo na súa veciña Iria. Ela atopouse de forma inesperada co que podería ser o final da súa soidade; o que podería ser a persoa coa que compartiría os seus pensamentos e emocións. Os dous rapaces quedaron quietos mirándose fixamente e falando sen palabras. Pasaron varios minutos desta forma ata que, por primeira vez, Iria faloulle a Matías.

- Si, a verdade é que o cabaliño de mar é un animal impresionante. É un dos meus animais favoritos xa que é moitas cousas á vez, pero non o poderíamos identificar cunha concreta. Ao igual que eu vexo que son moitas cousas pero non sei con cal identificarme, por iso, necesito estar soa e saber quen son. Perdoa por non contestarche, Matías. Estaba mergullada no meu mundo marítimo e inmarcescible-contestou ela con melancolía-.

- Non pasa nada. Enténdote perfectamente. Sinceramente, non creo que haxa ninguén que saiba verdadeiramente quen é. Seguramente teñen que pasar moitos anos para sabelo; desde o meu punto de vista temos que ver como pasa o tempo e ir aprendendo das novas emocións e experiencias-dixo Matías moi convencido-.

Estiveron falando toda a tarde e, en pouco tempo, fixeron unha amizade indestrutible de onde apareceu esta fermosa historia.